

69

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
60 minutos

Breve simulación
Igualdade

UN PASO ADIANTE

Fonte:

<http://www.coe.int/en/web/compass>

Título orixinal:

"Take a step forward"

MATERIAIS

Cartóns coa descrición dos personaxes (Anexo)

Lista de situacións e acontecementos (aconsellable adaptala)

ESPAZO

Un espazo aberto para a simulación e un espazo confortable para a reflexión.

TRASFONDO EDUCATIVO

Todos somos iguais, mais algúns son máis iguais ca outros.

Os obxectivos desta actividade son:

- Desenvolver capacidades de comunicación e cooperación.
- Estimular o interese polos dereitos humanos traballando con imaxes.
- Reflectir sobre o traballo dos medios de comunicación social e a súa abordaxe dos problemas de dereitos humanos.

Nesta actividade, os participantes pasan pola experiencia de ser outra persoa e trabállanse temas como a discriminación, a xenofobia e os dereitos humanos.

Entre os temas abordados inclúense:

- A desigualdade social como fonte de discriminación e exclusión.
- A empatía e os seus límites.
- A igualdade no acceso aos dereitos sociais.
- O dereito á non discriminación.
- O dereito á igualdade na dignidade.



69

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
60 minutos

UN PASO ADIANTE

PASO A PASO

Na preparación, ler con vagar a actividade.

Analizar a lista de "situacións e acontecementos" e adaptala conforme ao grupo.

Copiar a man ou imprimir a folla (adaptada).

Imprimir os cartóns: un por participante. Recortar as tiras e dobralas.

Na realización:

1. Crear unha atmosfera sosegada, pode ser con música relaxante de fondo.
2. Distribuír os cartóns aleatoriamente. Pedir que os lean, pero sen os amosar.
3. Convidalos a sentar (preferiblemente no chan) para ler cadanseu cartón.
4. Convidalos a respirar fondo para representar cadaquén o seu papel. Ir lendo as cuestións que seguen e deixar que os participantes reflexionenn sobre as respostas, de xeito que poidan ir construíndo o pasado e presente de cadanseu personaxe:

Como foi a vosa infancia?

A que xogabades?

Como é o voso día a día actualmente?

Onde interaccionades con outras persoas?

Que facedes pola mañá, á tarde e á noite?

Que facedes no tempo libre?

En que tipo de casa viviades?

Que facían os vosos pais?

Onde vivides?

Canto gañades ao mes?

Que tipo de vida tedes?

E nas vacacións?

Que vos motiva e que vos dá medo?

5. Pedir silencio absoluto mentres se aliñan onda unha parede ou liña de partida.
6. Explicar que se lles vai ir dando lectura a unha serie de acontecementos e de situacións. Sempre que consideren que o seu personaxe respondería "si", deben dar un paso adiante. En caso contrario, deben permanecer no lugar.
7. Ler as situacións unha por unha, facendo pausas entre cada afirmación para que os participantes teñan tempo de reflectir e valorar a súa posición en relación aos outros. Ao final, pedir que cadaquén tome nota da súa posición final. Paga a pena facer un pequeno intervalo para que os participantes poidan saír do pelexo do personaxe antes de dar paso á análise.



69

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
60 minutos

UN PASO ADIANTE

REFLEXIÓN E AVALIACIÓN

Comezar preguntando primeiro sobre o que pasou e despois sobre como se sentiron coa actividade.

Logo comentar as cuestións abordadas e as aprendizaxes:

- Como vos sentistes ao dar ou non dar un paso adiante?
- As/os que destes moitos pasos, cando comezastes a reparar que había quen non estaba a avanzar tan á prisa?
- Alguén sentiu nalgún momento que os seus dereitos humanos máis básicos non estaban a ser respectados?
- Alguén logra adiviñar os papeis dos outros participantes?
(Permitir que nesta parte da análise se revelen os papeis e personaxes).
- Foi fácil ou difícil representar os diferentes papeis? Como fixestes para imaxinar a persoa que vos tocaba representar?
- Pensades que este exercicio é, dalgún xeito, un espello da sociedade?
- Que dereitos humanos estaban a ser representados por cada personaxe?
- Hai alguén que poida dicir que os seus dereitos humanos non estaban a ser respectados ou que lle eran negados?
- Que se podería facer para reducir as desigualdades na sociedade?
- De onde tirastes inspiración sobre a vida do personaxe que representastes?
- Foi froito de experiencias persoais ou doutras fontes de información?
- Pódese confiar nesas fontes de información?

Unha maneira de facer aflorar máis ideas para o debate e de afondar nos coñecementos dos participantes consiste en traballar con pequenos grupos por separado e despois xuntalos en plenario para compartir as súas ideas.

Para isto cómpren necesariamente máis animadores. Pódese tentar este método na segunda parte da análise, logo de revelar a identidade de cada personaxe.

Pódese pedir que os participantes reflexionen sobre quen na nosa sociedade ten máis e quen ten menos oportunidades; e que pasos se poderían dar para acabar coas desigualdades.



69

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
60 minutos

UN PASO ADIANTE

CARTÓNS DE PERSONAXES

Poida que algúns dos participantes pouco saiban da vida da persoa que lles tocou representar: cómpre usaren a imaxinación, os pormenores non son importantes. A lista pódese acrecentar e os papeis ser adaptados á realidade dos participantes. Cómpre que só un número reducido de persoas poidan avanzar (responder "si"). A actividade pode ser impactante a medida que se vai creando un oco entre quen dá e non dá pasos adiante.

Es unha nai solteira desempregada.

Es a filla do xerente do banco local. Estudou Economía na universidade.

Es un soldado do exército que está a cumprir o servizo militar obrigatorio.

Es unha rapaza xitana de 17 anos que non chegou a rematar a escola primaria.

Es un inmigrante ilegal do Malí.

Es fillo dun inmigrante chinés que rexenta un restaurante de moita sona.

Es o dono dunha exitosa empresa de importación e exportación.

Es a namorada dun mozo artista heroinómano.

Es unha modelo nativa dun país de África.

Es unha rapaza musulmá que vive con seus pais, persoas relixiosas e devotas.

Tés 19 anos, es fillo de labregos e vives nunha remota aldea na serra.

Es un mozo discapacitado que só pode circular coa axuda dunha cadeira de rodas.

Es unha prostituta de mediana idade que está infectada coa VIH/SIDA.

Es un refuxiado de 24 anos de Afganistán.

Es o presidente dunha organización filial do partido que está no poder.

Es a filla do embaixador norteamericano do país no que agora vives.

Es un traballador xubilado dunha fábrica de zapatos.

Es un profesor desempregado, nun país no que non falas o idioma

Es unha moza Recientemente licenciada que agarda pola súa primeira oportunidade de traballo.

Es unha moza lesbiana de 22 anos.

Es un mozo sen teito de 27 anos.



69

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

10 ou máis participantes
60 minutos

UN PASO ADIANTE

SITUACIÓNS E ACONTECEMENTOS

Ir lendo as seguintes situacións en voz alta. Entre cada afirmación, os participantes deben reflexionar sobre a situación na que se atopan e dar ou non un paso adiante. Dar tempo para valoraren a súa posición en relación cos demais.

Olo en espazos abertos! Cómpre que os participantes poidan oír as afirmacións.

- Nunca tivo serias dificultades financeiras.
- Ten unha casa decente con teléfono e televisión.
- Sente respectadas a súa lingua, relixión e cultura na sociedade na que vive.
- Sente que a súa opinión sobre cuestións políticas e sociais son respectadas, e que os seus puntos de vista son escoitados.
- Hai persoas que lle consultan diferentes asuntos.
- Non ten medo de que a policía o pare na rúa.
- Sabe a quen se debe dirixir se precisa de consello ou de axuda.
- Nunca sentiu discriminación por causa das súas orixes.
- Benefíciase da protección médica e social adecuadas ás súas necesidades.
- Pode ir de vacacións unha vez ao ano.
- Pode convidar os amigos para ir á súa casa.
- Ten unha vida interesante e confía no futuro.
- Sente que pode estudar e seguir a profesión que escolla.
- Non teme ser asaltado nin molestado na rúa.
- Pode votar nas eleccións nacionais e locais.
- Pode festexar as máis importantes datas relixiosas cos familiares e amigos.
- Pode asistir a seminarios e congresos internacionais no estranxeiro.
- Pode ir ao cinema ou ao teatro polo menos unha vez á semana.
- Non teme polo futuro de seus fillos.
- Pode comprar roupa nova, polo menos, de tres en tres meses.
- Sente que as súas capacidades son apreciadas na sociedade na que vive.
- Pódese namorar con quen queira.
- Pode usar e beneficiarse das vantaxes de internet.

